

O nivel profesional en Banco Sabadell

No Banco Sabadell, no mes de febreiro establécese o SAA (salario anual asignado) e tamén se producen os cambios de nivel profesional; falamos de cambios e non de ascensos porque a realidade é que a gran maioría de cambios corresponden á adecuación do nivel profesional esixido polo Convenio Colectivo á función de técnico que se realiza (director, GECO, GSC, ASI, etc.), e a realidade é que hai moi poucos ascensos de nivel retributivo na función que xa se está desenvolvendo, a pesar de que en moitos casos a persoa leva anos realizando a función con excelentes resultados.

Son moi poucos os que ven traducido o seu esforzo e profesionalidade nun incremento de nivel. Non abunda con que o SAA aumente, o nivel retributivo do convenio é moi importante pois permite consolidar salario e é un excelente recoñecemento profesional dentro e fóra de BS.

Por que os técnicos en Banco Sabadell están entre os niveis máis baixos do sector, cando están recoñecidos entre os mellores profesionais?

Os estudos comparados coas outras entidades do sector permítennos afirmar que os niveis de técnico aplicados no Sabadell son baixos, pero ademais temos unha proba moito máis próxima e constatable: o persoal técnico procedente das entidades adquiridas e fusionadas polo banco tiñan niveis de técnico superiores ás do BS para as mesmas funcións, e non é que os deles fosen altos, senón que **os de BS eran e son baixos.**

Como é posible que máis do 40% dos directores de banca comercial só sexan técnicos nivel VI, e que máis do 50% dos RA só sexan técnicos nivel VIII? Eses niveis son os mínimos que marca o convenio para acceder á función; e logo, non demostraron de

sobra a súa profesionalidade, cando a gran maioría leva moitos anos co mesmo nivel desde que accederon á función?

Hai pouco o banco asinou coa Universidade de Barcelona o «Programa Laude» no que esta acreditará con titulacións académicas a «formación por itinerarios de función» de BS. Na nota publicada sobre o tema, dise textualmente: «Banco Sabadell ofrece aos seus empregados e empregadas un título académico como premio ao esforzo e a dedicación persoal que supón a realización da formación interna». Entristécenos que o esforzo de formación só teña recoñecemento externo e non internamente. En COMFIA-CCOO pensamos que o incremento de nivel é tamén un excelente incentivo e premio.


BS busca o recoñecemento externo para o seu persoal pero négase a facelo internamente. É unha austeridade mal entendida e ás veces **máis ben parece que o Banco está formando técnicos para outras empresas do sector, que si están dispostas a recoñecer aos nosos profesionais o que BS lles nega: salarios e categorías superiores.**

O nivel profesional de convenio non debe ser un tabú, é unha compensación merecida polo teu esforzo e profesionalidade que che permite compararte con outros profesionais do sector e consolidar unha parte do teu salario.

Este feito que denunciámos aquí, imos demostralo con datos contrastables que lle presentaremos á dirección do Banco co obxectivo de esixir a homologación de niveis profesionais á media do sector.

Seguiremos informando.

Febreiro de 2010

Boletín de afiliación	Enviar a ➔	3532-0002 CC.OO.	Firma
Nombre	Ofi.:		 DNI Fecha / /
Domicilio			
Población	C.P.:		
Cta. adeudo			
<small>Tus datos serán incorporados a un fichero titularidad de CCOO integrado por los ficheros pertenecientes a la confederación o unión regional correspondiente según el lugar en que radique tu centro de trabajo, a la federación del sector al que pertenece la empresa en la que trabajas, así como - en todo caso - a la CSCCOO. En siguiente URL puedes consultar los diferentes entes que componen CCOO: http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html. La finalidad del tratamiento de tus datos por parte de todas ellas la constituye el mantenimiento de tu relación como afiliado, con las concretas finalidades establecidas en los estatutos. Además de lo indicado tus datos pueden ser empleados por CCOO para remitirte información sobre las actividades y acuerdos de colaboración que se establezcan con otras entidades. Siempre estarás informado en la web de CSCCOO (http://www.ccoo.es) de dichos acuerdos y de los datos de dichas entidades. Puedes ejercitar tus derechos de acceso, rectificación, cancelación y, en su caso, oposición, enviando una solicitud por escrito acompañada de la fotocopia de tu D.N.I. dirigida a CSCCOO con domicilio sito en la C/ Fernández de la Hoz nº 12. 28010. Madrid. Deberá indicar siempre la referencia "PROTECCIÓN DE DATOS". Si tienes alguna duda al respecto puedes remitir un email a lodp@cco.es o llamar por teléfono al 917028077.</small>			